

A.N.P.A. O ESTEO (I.E.S. Dionisio Gamallo Fierros)

Estimad@s nais e pais:

Poñémonos en contacto con vosoutros para informaros do cambio de directiva da ANPA do IES Dionisio Gamallo Fierros.

Os integrantes somos:

- Macarena Reyes Fernández como Presidenta.
- Jenny Cuevas Cuevas como Secretaria.
- M^a Jesús González Lamelas como Tesoureira.
- Isabel Sánchez Quintana como vocal.

A nova directiva pretendemos ser un nexo de unión entre pais, centro educativo e alumnos e para iso estamos abertos a todo tipo de consultas, suxerencias ou reclamación que nos queirades plantexar, para posteriormente nosoutros tentar de mediar e trasladalas ó centro ou entidade que corresponda.

Para tales efectos, podedes mandarnos as vosas consultas a través do correo electrónico á dirección anpaesteo@gmail.com e tamén poderedes pedir unha reunión cun representante da ANPA, no horario que vos sexa máis adecuado.

Mais unha asociación de nais e pais precisa, ademais, dos seus **socios**, que pagando unha cuota anual por familia de 15 euros, teñen o dereito de participar activamente nas súas asembleas e de beneficiarse de descontos ou da exención do pagamento na asistencia a actividades lúdico-formativas dirixidas a alumnos e pais organizadas pola asociación. Moitos de vós xa entregáchedes de volta o documento de inscrición que recibíchedes no momento de formalización da matrícula. Outros moitos non entregaron esta inscrición, xa que eran coñecedores da incerta situación da continuidade da A.N.P.A. Animamos a estes e tamén os que por outro motivo non o fixeran, a inscribirse.

Uns e outros podedes facer efectivo pago da **cuota** e a **alta** na asociación mediante o ingreso na conta da anpa dun importe de 15 euros, e especificando o nome do alumno e o curso.

DATOS BANCARIOS

IBAN				ENTIDADE				SUCURSAL				DC		NÚMERO DE CONTA									
E	S	2	1	3	0	7	0	0	0	2	2	1	4	6	2	3	0	0	0	4	0	2	7

Quedamos á vosa disposición; para calquera dúbida non tedes máis que dar aviso na Dirección do centro ou a través do correo electrónico.

Sen nada máis que comentar pola nosa parte, agardamos a vosa resposta e convidámosvos encarecidamente a participar activamente na A.N.P.A. coa vosa representación activa e coas vosas consultas e suxerencias.

Saúdos cordiais, a Xunta Directiva